

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 029/2018**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 14 de marzo de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 14 de marzo de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno por entender que non se procedeu a facilitarlle toda a información correspondente ao expediente 289/2017 e o expediente xerado como consecuencia da denuncia urbanística contra [REDACTED] con nº de entrada no Rexistro do Concello RE-3438 do 15 de maio de 2009, por parte do Concello de A Garda e o expediente RC 3111, referente ao vado da súa vivenda que deu lugar a visita da Policía Local o 30 de maio de 2017.

O escrito viña acompañado de instancia solicitude de copia do expediente 289/2017 e do expediente xerado mediante RE 3438 presentado con data do 24/4/2017 e instancia de solicitude de copia do expediente xerado mediante RC 3111 presentado o 28/8/2017 con rexistro de entrada RC 4618, instancia reiterando a remisión do solicitado con rexistro de entrada RC 4544, contestación do Concello de A Garda rexistro de entrada 20018-S-RC-38 do 13/1/2018 e instancia de reclamación por remisión parcial .

Segundo. Con data do 23 de marzo de 2018, tras a primeira valoración da solicitude e dado que en todos os escritos dirixidos ao concello e á Comisión indicase que o reclamante é expresamente interesado nos expedientes, requíriuselle para que aclarara se efectivamente era interesado en procedementos en curso.

Igualmente e dado que se o concello lle remitiu un oficio do 11 de xaneiro de 2018, no que se lle indica que procedeu a dixitalizar o expediente 289/2017 e os expedientes dos que dimana este, nos que se inclúe as denuncias presentadas contra a mesma, e copia dos escritos

relacionados coa vivenda, que se lle remite a través dun cd, enténdese que non se estaría a discutir o acceso, que xa se produciu, senón a vía utilizada para facerse efectiva.

Terceiro. Con data do 12 de abril de 2018, o interesado remite resposta ás aclaracións solicitadas nas que manifesta:

- Que no expediente N° 289/2017 iniciado no ano 2017, figura como denunciado, polo que non hai dubida algunha de tal condición.
- No segundo expediente, arquivado en 2009, esta parte consta no expediente como denunciante e como parte interesada, tras habelo solicitado expresamente con anterioridade, habendo recibido no ano 2010 un informe e comunicación de arquivo na que non figura o número de expediente.
- No terceiro expediente consta esta parte como denunciado e por tanto como parte interesada, solicitada copia do expediente en Agosto de 2017, recibindo novamente silencio administrativo como resposta.
- Que as copias dos expedientes as solicitou en formato papel.

Cuarto. Con data 23 de maio de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de A Garda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente, sen que o concello a remitise.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.-Análise do expediente

O reclamante solicitou información sobre tres expedientes. O primeiro é o expediente 289/2017, no que o reclamante afirma no seu escrito de aclaración que figura como denunciado, e por tanto como parte interesada no mesmo.

No segundo expediente, xerado como consecuencia da denuncia urbanística contra [REDACTED] con nº de entrada no Rexistro do Concello RE-3438 do 15 de maio de 2009, (que non ten numeración) o reclamante afirma no seu escrito de aclaracións que está arquivado, polo que xa non se atopa vixente a súa condición de interesado,

No terceiro expediente, expediente RC 3111 referente ao vado da súa vivenda que deu lugar a visita da Policía Local o 30 de maio de 2017, figura como interesado, tal e como expón no seu escrito de aclaración, por ser o denunciado, sen que conste se o expediente está ou non arquivado.

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se consideran interesado nun procedemento administrativo, quen o promova como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos, quen sen iniciar o procedemento, teña dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte e aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se personen no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.

O reclamante afirma que é denunciado nos expedientes 289/2017 e RC 3111, e non consta que os ditos expedientes estean arquivados, dado que o concello non remitiu informe nin copia do expediente, nin o reclamante así o manifesta, polo que debemos entender que o reclamante ten a condición de interesado nos mesmos. De cordo co anterior, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, debe desestimarse a reclamación no referido ao acceso á información dos ditos expedientes por ter nos mesmos o reclamante a condición de interesado, e ser por tanto de aplicación a normativa reguladora deses procedementos e non a de transparencia, a que debe rexer para o acceso á información.

Respecto do expediente xerado como consecuencia da denuncia urbanística contra ██████████ con nº de entrada no Rexistro do Concello RE-3438 do 15 de maio de 2009 (que carece de número de referencia), dado que a información coa que conta esta Comisión é a proporcionada polo reclamante, isto é, que o expediente está arquivado, non contando con informe do Concello a este respecto, non cabe senón admitir a reclamación presentada recoñecendo o dereito do solicitante a obter copia do mesmo e en formato papel, por tratase de información pública de conformidade co disposto no artigo 24 da citada Lei 1/2016.

O Concello da Garda non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbрасelle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por ██████████ con data 14 de marzo de 2018, contra a denegación por silencio administrativo, da súa solicitude de obter copia do expediente xerado como consecuencia da denuncia urbanística contra ██████████ con nº de entrada no Rexistro do Concello RE-3438 do 15 de maio de 2009 e desestimalo no referente aos expedientes 289/2017 e RC 3111.

Segundo: Instar ao Concello da Garda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello da Garda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2018.

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga